

NOVA ETAPA Lugo toma o relevo na dirección do Eixo Atlántico, que incorpora un Consello Estratéxico para orientar o futuro coincidindo co 25º aniversario da súa Muralla como Patrimonio Mundial.

O Eixo Atlántico, o motor de innovación e cooperación do noroeste da Península

TEXTO E.L.
FOTOS D.P.

A Comisión Executiva do Eixo Atlántico, celebrada en Lugo, marcou o inicio dunha nova etapa na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Neste encontro, Miguel Fernández, alcalde de Lugo, foi elixido presidente do Eixo Atlántico para os próximos dous anos, mentres que Luís Nobre, alcalde de Viana do Castelo, asumiu a vicepresidencia, asegurando así a continuidade dunha colaboración estreita entre as cidades do Eixo Atlántico.

No marco desta reunión, aprobouse tamén a creación dun Consello Estratéxico, integrado por persoas que, retiradas da actividade política, contan cunha ampla experiencia ligada á vida do Eixo Atlántico.

Este órgano ten como misión a reflexión e o debate para propoñer as liñas de actuación a longo prazo, reforzando a capacidade da organización para anticipar retos e oportunidades en ámbitos como a economía, a cultura, o desenvolvemento urbano, a sustentabilidade ou a política social.

O ano 2025 consolidou o Eixo Atlántico como un actor fundamental na cohesión territorial da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. A renovación da súa presidencia en Lugo, a creación dun Consello Estratéxico e o impulso á cultura e ao deporte como espellos dunha identidade común amosan a evolución dunha entidade que xa non só coordina cidades, senón que diseña políticas a longo prazo e contribúe a construír un relato compartido. No ámbito económico e urbano, o Informe Socioeconómico do Eixo Atlántico marcou prioridades para atraer investimento e orientar un crecemento equilibrado.

Paralelamente, o desenvolvemento dun modelo de turismo sustentable e innovador, reforza a aposta pola diversificación económica e pola protección do patrimonio material e inmaterial.

FITO HISTÓRICO Esta etapa coincide co 25º aniversario da Muralla de Lugo como Patrimonio Mundial, un fito histórico no que o Eixo Atlántico apoiou a candidatura, ao igual que outras cidades da Eurorrexión recoñecidas pola súa importancia cultural e patrimonial, como

D.P.. A COMISIÓN EXECUTIVA DO EIXO ATLÁNTICO MARCOU O INICIO DUNHA NOVA ETAPA CO NOMBRAMENTO DE MIGUEL FERNÁNDEZ COMO PRESIDENTE PARA OS PRÓXIMOS DOUS ANOS



Santiago de Compostela, Porto ou Guimarães.

Este 30 de novembro de 2025 cumpriase así un cuarto de século dun recoñecemento que elevou esta obra monumental non só como testemuño vivo da

influencia romana no noroeste da Península, senón como un símbolo da identidade histórica e cultural de todo o eixo atlántico da Península.

O valor da Muralla vai máis aló da pedra e da súa antigüida-

Aposta pola cultura, o deporte, o turismo e o dinamismo económico para potenciar a cohesión territorial

de: A súa conservación e lectura histórica reforzan o papel do conxunto do noroeste, promovendo o turismo cultural, o orgullo local e a conciencia sobre a riqueza histórica común da Galicia e o Norte de Portugal.

IDENTIDADE. Viana do Castelo asumirá en 2025 a Capitalidade Cultural do Eixo Atlántico, mentres a Bienal de Pintura e os intercambios escolares reforzan a identidade compartida, nun ano marcado tamén polo impulso ao deporte inclusivo e ao recoñecemento dos Xogos da Eurorrexión. .

Cultura, educación e deporte, eixes básicos

TEXTO E.L.
FOTOS D.P.

A promoción da cultura e do deporte continúa a ser un eixo central na construción dunha identidade común da Eurorrexión.

En 2025, Viana do Castelo foi designada Capital da Cultura do Eixo Atlántico, un recoñecemento á vitalidade cultural da rexión, promovendo exposicións, concertos e actividades participativas que atraen a veciños e visitantes.

A CULTURA. A XV Bienal de Pintura do Eixo Atlántico conso-

lidouse como un escaparate de referencia para artistas emerxentes.

Moitos dos participantes das edicións anteriores son hoxe nomes recoñecidos no panorama artístico galego e portugués, evidenciando o impacto duradeiro deste certame na promoción do talento local.

A exposición itinerante percorrerá diversos concellos en 2026, achegando a arte plástica á cidadanía.

A EDUCACIÓN. A educación e a sensibilización desde idades temperás sobre a pertenza ao Eixo Atlántico continúan sendo

un obxectivo prioritario.

Por este motivo, os intercambios escolares entre municipios de Galicia e do Norte de Portugal repetíronse en 2025.

Estudantes do segundo ciclo da educación básica tiveron a oportunidade de coñecer outras realidades, participar en talleres, actividades deportivas e culturais, e interactuar cos seus pares doutros concellos, fortalecendo así a súa comprensión da diversidade lingüística e cultural do territorio compartido.

O DEPORTE. O deporte adaptado mantense como unha ferramenta de inclusión e igualdade de

oportunidades.

En 2025, celebráronse torneos de boccia e baloncesto en cadeira de rodas, promovendo a participación activa de persoas con diversidade funcional.

Paralelamente, os XV Xogos do Eixo Atlántico recibiron o premio ao "Evento Deportivo do Ano", outorgado pola Cámara Muni-

O obxectivo: ampliar a cooperación transfronteiriza desde unha visión máis social, innovadora e sustentable

pal de Famalicão, consolidando a súa relevancia no calendario deportivo da Eurorrexión.

Este impulso da cultura e ao deporte como espellos dunha identidade común amosan a evolución dunha entidade que xa non só coordina cidades, senón que diseña políticas a longo prazo e contribúe a construír un relato compartido.

A relevancia da Bienal de Pintura, a continuidade dos intercambios escolares e o protagonismo do deporte inclusivo son exemplos dun labor que favorece a interacción cidadá, o talento local e a igualdade de oportunidades.



D.P. **III Torneo de Boccia**

III Torneo del Eixo Atlántico de Boccia reuniu a deportistas con moita motivación e espírito competitivo, convertíndose en referencia na promoción do deporte adaptado e na cooperación transfronteiriza entre o norte de Portugal e Galicia



D.P. **XV Bienal de Viana do Castelo**

Viana do Castelo acolleu a XV Bienal de Pintura do Eixo Atlántico, un evento que reuniu a artistas e autoridades da Eurorrexión e que se consolida así como unha das citas culturais máis relevantes do calendario transfronteirizo.



D.P. **Intercambio Vila Real a Santiago**

O Eixo Atlántico impulsou unha nova edición dos Intercambios Escolares, coa visita de Vila Real a Santiago de Compostela e co obxectivo de promover o coñecemento e a cooperación entre os municipios da eurorrexión.



D.P. **Viana do Castelo, capital cultural**

Viana do Castelo foi designada Capital da Cultura do Eixo Atlántico, promovendo a creación cultural, tanto de creadores artistas de Galicia como do Norte de Portugal, así como a accesibilidade ao consumo cultural.



D.P. **XV Jogos do Eixo Atlántico**

Dende 1995 estes xogos están dirixidos á promoción do deporte, á convivencia entre os mozos e tamén ó mellor coñecemento entre os cidadáns das dúas rexións. Constitúen un evento deportivo transfronteirizo único en Europa.



D.P. **I Torneo de Baloncesto**

Vilanova de Gaia celebrou o 1.º Torneo de Baloncesto en Cadeira de Rodas das del Eixo Atlántico unha competición que destacou tanto polo talento dos atletas, como pola promoción da inclusión e a sensibilización cara ao deporte adaptado.

D.P. Sarria converteuse en maio deste ano no epicentro do turismo de proximidade cunha feria que reuniu a 28 concellos para mostrar o mellor da súa oferta gastronómica e cultural



ECONOMÍA O Informe Socioeconómico do Eixo Atlántico marca as prioridades para atraer investimento e orientar o crecemento, nun contexto no que a mellora das infraestruturas continúa pendente, mentres o turismo sostible e innovador consolida o seu papel estratéxico na Eurorrexión.

Un traballo conxunto para lograr o pulo do crecemento económico

TEXTO E.L.
FOTOS D.P.

O Informe Socioeconómico Anual do Eixo Atlántico ofrece unha fotografía detallada da evolución económica do territorio, identificando as áreas con maior potencial de crecemento e proporcionando orientacións estratéxicas para o desenvolvemento futuro.

Este documento, elaborado por Fernando González Laxe e Arlindo Cunha, é unha ferramenta fundamental de planificación que permite aos concellos pertencentes ao Eixo Atlántico, así como aos seus diferentes actores económicos, identificar oportunidades, atraer investi-

cas para o desenvolvemento futuro. Este documento, elaborado por Fernando González Laxe e Arlindo Cunha, é unha ferramenta fundamental de planificación que permite aos concellos pertencentes ao Eixo Atlántico, así como aos seus diferentes actores económicos, identificar oportunidades, atraer investi-

mento e fomentar un crecemento equilibrado.

AS INFRAESTRUTURAS. As infraestruturas continúan a ser un pilar fundamental. En 2025 realizouse un traballo de monitorización das infraestruturas proposto polo Eixo Atlántico, tanto do Mapa de Infraestruturas do Eixo Atlán-

tico como do Mapa Ferroviario de Galicia.

A conclusión principal é que, aínda que se avanzou moito, aínda faltan proxectos importantes por desenvolver, especialmente o eixo Ferrol-A Coruña-Lugo-Ourense, ou a Saída Sur de Vigo e a súa conexión con Portugal que, aínda que está desbloqueada, non se

están a respectar os tempos.

O TURISMO. O turismo mantense como sector estratéxico e en constante innovación. O Eixo Atlántico aposta por un turismo sostible e respectuoso, apoiado en ferramentas dixitais como a guía interactiva, que permite aos visitantes planificar a súa viaxe de forma personalizada.

En 2025, Sarria acolleu unha nova edición de Expocidades, un espazo para promocionar destinos locais e experiencias únicas.

Ademais, esta mesma feria permitiu desenvolver conceptos innovadores como o turismo de autor e o turismo policéntrico, un sistema que promove un turismo de excelencia respectuoso co entorno e cos seus habitantes, permitindo así unir economía e habitabilidade de calidade.

D.P. DENTRO DO EIXO ATLÁNTICO TRABÁLLASE NA ELABORACIÓN DE INFORMES E DOCUMENTOS QUE FACILITAN A EVOLUCIÓN ECONÓMICA DESTA ÁREA XEOGRÁFICA, TANTO NO ÁMBITO ESTRATÉXICO COMO NO DAS INFRAESTRUTURAS



EUROPA O Eixo Atlántico impulsa en 2025 oito proxectos europeos e avanza na descarbonización e na valorización do patrimonio industrial, nun ano que reforza a súa proxección internacional e consolida un modelo urbano

As cuestións estratéxicas, eixe básico do traballo diario

TEXTO XXXX
FOTOS XXXXX

Durante 2025, o Eixo Atlántico xestionou oito proxectos europeos, distribuídos entre programas como POCTEP, Interreg, SUDOE e Espazo Atlántico, abordando cuestións estratéxicas para as cidades, como iniciativas relacionadas coa prevención de incendios, a dinamización fronte ao reto demográfico, modelos turísticos innovadores, captación de talento e apoio a nómadas dixitais, ou os programas da Axencia de Ecoloxía Urbana.

A Axenda Urbana do Eixo Atlántico avanzou en 2025 co lanzamento do plan de descarbonización, mentres se continúa asesorando aos concellos na implementación de políticas

de sustentabilidade urbana. Ademais, presentouse á Horizonte Europa unha proposta de O Barco de Valdeorras, que busca recuperar unha antiga factoría de carburos metálicos como museo de minería e espazo sociocultural, integrando enoturismo e medidas de prevención de incendios.

Este proxecto exemplifica a valorización do patrimonio industrial con impacto social e económico.

INTERNACIONALIZACIÓN.

No ámbito da internacionalización, este ano finalizouse o proxecto Fronteira da Paz, desenvolvido na fronteira entre Brasil e Uruguai, que permitiu elaborar a primeira Axenda Transfronteiriza do Mercosur e deseñar un moderno plan de xestión de residuos con pro-

postas sociais para poboacións vulnerables.

Este proxecto dá continuidade ao traballo iniciado en Avellaneda (Santa Fe, Arxentina), onde se realizou un seminario sobre a Axenda Urbana e o Des-

Proxectos que apostan polo impacto social e económico a través da colaboración de programas europeos

envolvemento Territorial.

A AECID tamén apoia iniciativas internacionais do Eixo Atlántico en outros países coma Cabo Verde, Cuba e México, reforzando a proxección global do Eixo Atlántico.



Xxx. EXPERTOS DE SETE PAÍSES EUROPEOS VISITARON EN NAVIA DE SUARNA O PROXECTO DE REPOBACIÓN RURAL DENTRO DO PROXECTO EDIN



Avances Un futuro cheo de oportunidades

Os avances de 2025 demostran que o Eixo Atlántico segue a ser un motor imprescindible de innovación e cooperación para Galicia e o Norte de Portugal.

A aposta pola cultura, o deporte, a economía, a internacionalización e a sustentabilidade reflicte un modelo de integración transfronteiriza baseado na inclusión, o respecto polo medio e o desenvolvemento equilibrado.

O avance na planificación territorial, a aposta pola descarbonización das cidades, a promoción da cultura e da identidade compartida, xunto coa capacidade de atraer talento e liderar proxectos europeos con proxección internacional, indican que o organismo continuará sendo un instrumento esencial de transformación urbana e económica.

D.P. O TURISMO SUSTENTABLE COMO MOTOR DA EURORREXIÓN QUEDOU DEMOSTRADO NA VIII EDICIÓN DE EXPOCIDADES QUE SE CELEBROU EN SARRIA

